

O FARELO

nº 28

MAIO '09
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Por que seguimos a falar da **crise**
se temos esta
gripe do porco enriba nosa?



RAUL DE LA NUEZ



Pintas & Carapinha

□ TEXTO E DESENHO DE: © José Sarmento 2009
PÁGINA ON-LINE: <http://opimpolho.no.sapo.pt> • BLOG: <http://sarmento-news.blogspot.com>

O 1.º de Maio pode deixar de ser comemorado:
com o aumento brutal do desemprego, o
Trabalhador é uma raça em vias de extinção...



josé_sarmento

● PIMPOLHO ●

Ainda agora nasceu...

... e já quer ir
para a Reforma...

© José Sarmento • 674
... diz que é a única hipótese
de ainda ir a tempo!!!...




e ti que?


se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...

O FARELO ofrécete un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com



pavel_constantin



raúl_de_la_nuez



I Premio: A. Gatto (Italia)



II Premio: Pawel Kuczynski (Polonia)



III Premio: Stefaan Provijn (Bélxica)

Centro europeo da caricatura

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

En Kruishoutem, pequena cidade belga, de apenas 8,200 habitantes, existe o Centro Europeo da Caricatura, que acaba de dar a coñecer os resultados do seu XVII Concurso Euro-Kartoenaale.

Este centro, que constitúe unha iniciativa artística de primeira categoría e de gran calado popular, ten entre os seus obxectivos promover o humor e a caricatura mundial; propiciar a investigación e apreciación do debuxo humorístico, así como realizar exposicións e concursos, entre outros.

A súa colección, que é consultada por persoas de todas as idades, intégrana máis de catro mil libros, máis de 300 revistas e máis de vinte mil caricaturas orixinais de todo o mundo, un verdadeiro tesouro, que permite constatar a extraordinaria evolución que tivo o debuxo humorístico nestes anos, e a súa implicación na máis diversa problemática da sociedade.

O labor do Centro comezou en 1978 cunha exhibición de

caricaturas e xa en 1979 organizábase o primeiro Concurso Euro-Kartoenaale, centrado no tema de pollitos e ovos. Despois seguíronlle outros temas específicos como a agricultura, a aviación, a maxia, o diñeiro, a enerxía, os supermercados, as maletas, os pintores de casas...até chegar á mostra deste ano, dedicada aos materiais da construción. O evento é bianual.

Este ano, 558 participantes de 70 países enviaron 2000 caricaturas, das cales foron seleccionadas 250 para a exhibición e 100 para aparecer no catálogo, do XVII Euro-Kartoenaale Kruishoutem.

Despois dun arduo traballo, o xurado, presidido polo prestixioso debuxante André Nolle, dicitíu outorgar o primeiro premio ao italiano Alessandro Gatto; o segundo, ao polaco Pawel Kuczynski; e o terceiro, ao belga Stefaan Provijn.


O premio do Centro Europeo da Caricatura obtívoo Rumen Dragostinov, de Bulgaria; o da mellor participación da

Unión Europea, Ross Thomson, de Gran Bretaña; o da mellor participación belga, Norbert Van Ypersele, e o da mocidade, o belga Romy Puttevilis.

O Euro-Kartoenaale Kruishoutem destácase xa por estar entre os máis prestixiosas competicións da caricatura a nivel mundial, e o Centro Europeo da Caricatura, é un exemplo sobresaliente do moito que o humor pode contribuir a enriquecer a cultura do pobo.



Mellor autor belga: Van Ypersele



Premio especial: Rumen Dragostinov (Bulgaria)

Un certame indispensable

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

A quinta edición do *World Press Cartoon*, organizado na cidade portuguesa de Sintra, no Museo de Arte Moderno, é a festa da caricatura de prensa, a reafirmación da súa validez artística, e a súa honestidade crítica.

A caricatura é unha linguaxe universal. Pola graza, o enxeño e a diversidade dos autores, cada debuxo ten niveis sutís de lectura.

Un índice do firme prestixio alcanzado polo *World Press Cartoon* entre os humoristas do mundo, é a alta cifra de participación nesta edición: 848 caricaturas recibidas, de 428 autores, de 72 diferentes nacionalidades. Estes traballos foron publicados en 399 xornais e revistas de 69 países.

En caricatura editorial, o primeiro premio é para o mexicano Rogelio Naranjo; o segundo, para Tom Janssen, de Holanda; e o terceiro, para o serbio Toso Borkovic. Os tres debuxos abordan, desde distintas ópticas, a crise económica e social que sofre o mundo, nestes tempos de perigosa globalización.


En mellor chiste, os gañadores son: Osmani Simanca, de Brasil; Geza Halasz, de Hungría, e

Florin Balaban, de Romanía.

O portugués André Carrilho obtén o principal recoñecemento na caricatura persoal, ao debuxar ao presidente iraniano; o segundo, o asturiano Javier Carbajo Alfonso, quen centra a súa atención en Nicolás Sarkozy; e o terceiro lugar, para o brasileiro Eduardo Baptista, que rende homenaxe ao escritor arxentino Xullo Cortázar.

O prestixioso debuxante portugués Antonio Antunes, presidente do xurado desta edición e director do *World Press Cartoon* desde a súa fundación, sinala que na actual conxuntura, cada vez hai menos espazos para os debuxos humorísticos en revistas e periódicos, exclúense aos caricaturistas e se recrudece a censura nos máis diversos matices. Pero neste tempo de desencanto, -di- o *World Press Cartoon* continúa mostrando o valor do deseño humorístico na prensa, con obras de todo o mundo, onde coexisten diferentes estilos e culturas, por iso é un evento indispensable.


O público pode apreciar esta magnífica exposición até o 14 de xuño no Museo de Arte Moderno, Colección Berardo, na cidade portuguesa de Sintra.



OSMANI SIMANCA, 1º PREMIO EN CHISTE.



ROGELIO NARANJO, 1º PREMIO EDITORIAL.



GEZA HALASZ, 2º PREMIO EN CHISTE.



FLORIN BALABAN, 3º PREMIO EN CHISTE.



TOM JANSSEN, 2º PREMIO CARICATURA EDITORIAL.



TOSO BORKOVIC, 3º PREMIO CARICATURA EDITORIAL.

martirena



martirena



martirena








martirena



www.apeneira.com

A Peneira
dixital
XOR
KORNAL GALEGO DE INFORMACIÓN XERAL



félix_ronda



Val dos laios



guisa_e_napo